

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa dos seus deputados **Ramón Vázquez Díaz** e **Xabier Ron Fernández** e ao través da súa vicevoceira **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de substitución á proposición non de lei número 32.679 (09/PNP-002397)** do grupo parlamentario Popular de Galicia, relativa á actuación que debe levar a cabo o goberno Galego para posibilitar a mellora das competencias curriculares das persoas mozas a través de programas de educación non formal, incluída na orde do día da sesión plenaria do 5-6 de maio do 2015.

Emenda de substitución:

O Parlamento Galego insta á Xunta a establecer e financiar unha programación complementaria nos centros educativos públicos, que permita a realización de actividades de lecer e tempo libre, animación sociocultural, desenvolvemento comunitario, e actividades de carácter cultural e deportivas, en horario non lectivo e abrangando todas as etapas do ensino obrigatorio, nomeadamente a Educación Secundaria Obrigatoria.

En Compostela, a 4 de maio do 2015.

Asdo. Ramón Vázquez Díaz
Asdo. Xabier Ron Fernández
Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Ramón Vázquez Díaz na data 04/05/2015 14:11:39

Jose Javier Ron Fernandez na data 04/05/2015 14:11:47

Yolanda Díaz Pérez na data 04/05/2015 14:11:51